

EPISODIOS  
EPISODIOS  
EPISODIOS  
DE  
DE  
DE  
CREACIÓN  
CREACIÓN  
CREACIÓN  
CONTEMPORÁNEA  
CONTEMPORÁNEA  
CONTEMPORÁNEA

EPISODIO#02  
EPISODIO#02  
EPISODIO#02

# JORGE VARELA NOTAS Á MARXE

LIBRARÍA  
NUMAX

Co apoio da



A relación que Jorge Varela establece entre o relato literario e a escultura acadou nos dous últimos anos o seu punto de conexión máis agudo. Así o devolve á persoa lectora/espectadora: como unha relación co obxecto e co relato que xa non se entende dissociada.

En outubro de 2018 Varela inaugurou na Fundación Granell unha mostra individual baixo o título *Retratos dun escultor e outras esculturas de viaxe*, na que reunía unha serie de relatos literarios e visuais en relación á conexión da viaxe coa escultura. *Notas á marxe* pretende ser unha recapitulación que dalgunha maneira ordene e estableza un fío que vincule todos eses proxectos, que parten da viaxe que en 2003 realizou en tren dende Portbou ata Le Mesnil-Saint-Denis. Durante a viaxe pasou por diferentes cidades europeas, establecendo un itinerario espazo-temporal pola filosofía europea que máis tiña influído na súa investigación. A eses itinerarios sumáronse outros como o libro *5.354 Km*, que dá conta da excursión realizada no verán de 2017 á Documenta de Kassel, ao Skulptur Projekte de Münster e á Bienal de Venecia nun Mercedes W123 do 78; ou *59 citas para unha escultura ausente*, que presenta un percorrido teórico ao longo da historia desta disciplina, converténdoo nun cemiterio en que cada lápida de pedra reza por

algún dos textos citados, nese xogo entre o monumental e o funerario que subxace dalgún xeito en todas estas experiencias.

Pero o punto de conexión máis agudo, o que Varela establece entre o relato e a escultura, revélase nos seus dous últimos traballos. As *notas xeométricas*, presentado entre o 10 de maio e o 31 de xullo de 2019 na XIV Bienal de Lalín parte dunha visita ao Museo de Ciencias Naturais da Universidade de Santiago co obxectivo de ver a colección de modelos cristalográficos tallados en madeira que o abade Haüy lle regalara ao matemático Rodríguez en 1814 e que este doou posteriormente á institución. Estas notas xeométricas funcionan como continuación dos *5 fragmentos dunha historia máis longa*, unha serie de poliedros irregulares que naceron do descubrimento casual, nun baixo de París, de cinco debuxados a lapis que, no fin do relato, supoñen outra mostra de conmemoración fúnebre.

O proceso de Jorge Varela implica unha investigación que se atopa a medio camiño entre a historiografía e a novela detectivesca. Cada escrito mestura sen prexuízos ambas formas de encarar o relato para desembocar nun exercicio escultórico de corte clásico.